

CRÍTICA DA METAFÍSICA (PLATONISMO). CRÍTICA DA LINGUAXE. CRÍTICA DO CONCEPTO.

TESE CENTRAL: A LINGUAXE CONCEPTUAL COMPORTA O MAIOR OBSTÁCULO PARA A INTERPRETACIÓN DO MUNDO COMO DEVIR E PLURALIDADE.

- **CONCEPTO**: OCULTADOR DA DIVERSIDADE E DO CAMBIO.
- FORMACIÓN DOS **CONCEPTOS**: XERALIZACIÓN DAS IMPRESIÓNS SENSÍBEIS, QUE SE CONVIRTEN EN LINGUAXE CONCEPTUAL.
- PROBLEMA, DIFICULTADE, CRÍTICA: PRETENSIÓN IMPOSIBLE DE QUE O **CONCEPTO** SERVA PARA EXPRESAR OU EXPLICAR UN **MUNDO** CONSTITUÍDO POR **SERES E COUSAS MÚLTIPLES E INDIVIDUAIS**. OS CONCEPTOS NON PODEN CAPTAR/CAPTURAR A VERDADEIRA NATUREZA DA **REALIDADE/MUNDO** (**CAMBIO, HETEROXENEIDADE**), POIS AMOSAN A REALIDADE COMO ALGO **ÚNICO** E **ESTÁTICO**. **PETRIFICACIÓN/MOMIFICACIÓN** DO DEVIR DO MUNDO.
- **CONCEPTOS**: CATEGORÍAS A TRAVÉS DAS CALES A RAZÓN COIDA TER CAPTADA A REALIDADE. PERO POR MEDIO DOS CONCEPTOS NON CHEGAMOS A PENETRAR NA **REALIDADE DIVERSA E PLURAL**. ¿ATE QUE PUNTO NON ESTAMOS SENDO ENGANADOS POLA PROPIA LINGUAXE?
- **LINGUAXE: FICCIÓN NECESARIA/INEVITABLE. ERRO OU MENTIRA NECESARIA.**
- A TRADICIÓN FILOSÓFICA (E CIENTÍFICA) OCCIDENTAL TOMA COMO VERDADEIRA A REFLEXIÓN DA RAZÓN, SEN DARSE CONTA DE QUE A **LINGUAXE** OBEDECE A NECESIDADE QUE TEN O SER HUMANO DE POÑER **ORDE** (PARA SOBREVIVIR) NUN MUNDO DIVERSO E CAMBIANTE. GRAZAS Á ABSTRACCIÓN CONCEPTUAL, **O HOME FAI FRONTE AO MUNDO**.
- A LINGUAXE OBEDECE Á NECESIDADE DE RACIONALIZAR O IMPOSIBLE DE RACIONALIZAR (O SER COMO DEVIR E MULTIPLICIDADE). A **LINGUAXE** É UNHA **FICCIÓN LÓXICA NECESARIA** QUE CONCEDE AO HOME **ESTABILIDADE E UNIDADE** FRONTE AO CAOS. LINGUAXE: MECANISMO VITALMENTE NECESARIO DE AFIRMACIÓN HUMANA FRONTE AO **MUNDO INABARCABLE/INASIBLE**.
- CONCLUSIÓN: **TODO DISCURSO É NECESARIAMENTE FICCIONAL**. FICCIÓN MAÍS OU MENOS EXPRESIVA OU FUNCIONAL, IMAXE APROXIMATIVA PARA APREHENDER O MUNDO.
- PROBLEMA: **ESQUECEMENTO DO CARÁCTER METAFÓRICO DA LINGUAXE** (PENSAR QUE OS CONCEPTOS SE CORRESPONDEN EXACTAMENTE COA REALIDADE).
- CRÍTICA: **DISCURSO CONCEPTUAL (FILOSOFÍA, CIENCIA): ENGANOSO, MENTIREIRO, PRETENSIÓN DE VERDADE EXCLUSIVA**. NON ADMITE O SEU CARÁCTER MERAMENTE METAFÓRICO, IMAXINARIO, FICCIONAL.
- **VERDADE: FICCIÓN. MENTIRA ACEPTADA GREGARIAMENTE** QUE SE IMPUXO A TRAVÉS DO **COSTUME**.
- DEFENSA DO **PERSPECTIVISMO**: **O MUNDO É SUSCEPTIBLE DE DIVERSAS INTERPRETACIÓNS. NON EXISTEN FEITOS (VS. POSITIVISMO) SÓ INTERPRETACIÓNS.**
- CRITERIO PARA AVALIAR OS DISCURSOS: NON É A VERDADE OU A FALSIDADE, PORQUE TODO DISCURSO É FICCIÓN, METAFÓRICO. **CRITERIO DE ACEPTACIÓN/VALIDEZ: FAVORECER A VIDA, O CORPO, O MUNDO.**
- **DESENMASCARAMENTO/DESMIXTIFICACIÓN**: DENUNCIAR A PRESENZA DE **INTERESES CONTRARIOS Á VIDA EN DETERMINADOS DISCURSOS QUE SE PRESENTAN COMO OBXECTIVOS E DESINTERESADOS (CIENCIA, MORAL, FILOSOFÍA).**